# ESCRITO DE ALEGACIÓNS DE ADEGA CONTRA A ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN DE LUGO

## ALEGACIÓNS

**XERAIS**

Un dos obxectivos fundamentais da ordenanza municipal de circulación debe ser o de regular a circulación de ciclos e bicicletas na zona urbana. Esta ordenación non está prevista pola ordenanza xeral de circulación e por iso son os concellos os que deben de regulala e adaptala ás circunstancias propias de cada municipio, ao non estar isto contemplado nesta ordenanza, que polo contrario supón mais restricións ao uso das bicicletas, presentamos estas alegacións.

Ao noso entender, a ordenanza debe contemplar máis zonas habilitadas para o uso da bicicleta, incluídas as zonas peonís da cidade. Ademais, segundo esta ordenanza no relativo ao movemento dos cidadáns en bicicleta pola cidade, de aplicarse tal e como está redactada, estaramos poñendo en risco incluso a integridade física dos menores usuarios de ciclos e bicicletas.

Na exposición de motivos, esta ordenanza, só se contempla dous modelos de mobilidade, condutor ou peonil, sen ter en conta ningunha opción intermedia nin outro modelo de transporte e mobilidade a fomentar e desenvolver na cidade. Dende ADEGA pensamos que se pode promover un modelo de transporte máis racional e ecolóxico, propio dunha cidade moderna e de carácter europeo onde a convivencia de peóns e bicicletas é lóxica fronte ao modelo actual da predominancia do automóbil.
Esta ordenanza polo tanto, ao noso parecer, debe procurar integrar xa desde un primeiro momento a necesidade de cambio de modelo de transporte e mobilidade.

**ALEGACIÓN Nº1**;
**Referente ao artigo 39:** *Normas especiais de estacionamento para vehículos de dúas rodas.*
No apartado C) do artigo 39, tendo en conta que este artigo dificulta, ao noso entender, o uso das bicicletas como medio de transporte habitual, onde di **"***Queda prohibido o estacionamento de forma que estes vehículos queden encadeados ou atados a calquera elemento da vía non destinado a tal fin, ou causen molestias ás demais persoas usuarias da vía.***"** Substituirase por **"***Queda prohibido o estacionamento de motocicletas e vehículos de dúas rodas con motor de forma que queden encadeados ou atados a calquera elemento da vía non destinado a tal fin. No caso das bicicletas permitirase o seu amarre a elementos artificiais sempre e cando non se deterioren os mesmos ou non se moleste o tráfico peonil e rodado*".

**ALEGACIÓN Nº2**;
**Referente ao artigo 48:** *Peóns***.**
No apartado 2. deste artigo, por crer excesiva a obrigatoriedade do nel disposto, onde di **"***Todo peón debe circular pola beirarrúa da dereita con relación ao sentido da súa marcha, e cando circule pola beirarrúa ou paseo esquerdo debe ceder sempre o paso aos que leven a súa man e non debe deterse de forma que impida o paso pola beirarrúa aos demais***"** dende ADEGA entendemos que este punto deberá ser eliminado da Ordenanza xa que non ten sentido, nun mundo civilizado e en pleno século XXI, regular por que beirarrúas en que sentido teñen que desprazarse os cidadáns no ámbito urbano.

**ALEGACIÓN Nº3;**
**Referente ao artigo 52:** *Normas especiais para o uso de bicicletas***.**
No punto a) do apartado 4 deste artigo 52 do borrador da ordenanza, entendendo que deste xeito este punto queda máis completo, onde di "*As motocicletas, os vehículos de tres rodas, os ciclomotores e os ciclos e bicicletas poderán arrastrar un remolque ou semirremolque, sempre que non superen o 50 por 100 da masa en baleiro do vehículo tractor e se cumpran as seguintes condicións; Que a circulación sexa de día e en condicións que non diminúa a visibilidade*" **substituirase por** "*Que a circulación sexa con condicións de visibilidade axeitadas e no caso de circular de noite terá que ser por vías suficientemente iluminadas e tanto o vehículo tractor como o remolque ou semirremolque contarán cos dispositivos de iluminación e reflectantes axeitados*".

**ALEGACIÓN Nº4;**
**Referente ao artigo 52:** *Normas especiais para o uso de bicicletas***.**
No punto c) do apartado 4 deste artigo 52 do borrador da ordenanza, e facendo alusión á utilización de remolques ou semirremolques, onde di **"***Que en ningún caso transporten persoas no vehículo remolcado***"** atendendo ao texto proposto pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e seguindo o exemplo doutras cidades europeas cunha gran tradición no uso cotián da bicicleta, substituírase por **"***As bicicletas poderán transportar, cando o condutor sexa maior de idade, menores de ata sete anos en asentos adicionais ou remolques, axustados ás bicicletas, debidamente certificados e homologados, coas limitacións de peso que estes dispositivos estipulen. Os menores terán que levar casco homologado obrigatoriamente***".**

**ALEGACIÓN Nº5;**
**No artigo 52:** *Normas especiais para o uso de bicicletas***,** entendendo isto ADEGA, como algo imprescindible e de sentido común, engadirase un novo punto co seguinte texto "*Os menores de doce anos poderán guiar ciclos e bicicletas polas beirarrúas sempre e cando non causen prexuízos ou poñan en risco a integridade física dos viandantes"*.

**ALEGACIÓN Nº6;**
**Referente ao artigo 54:** *Espazos especiais para a circulación de bicicletas.*
Neste artigo, debido a inexistencia destes espazos na nosa cidade e a que non esta prevista a súa construción nun futuro próximo, consideramos que onde di **"***Espazos especiais para a circulación de bicicletas*" debe dicir **"***Espazos para a circulación de bicicletas***",** mudando o punto 2; **"***Os espazos de uso compartido por bicicletas e peóns, ademais dos parques e prazas de uso público, serán aqueles que estean debidamente sinalizados. Neste caso a velocidade das bicicletas deberá axustarse ao paso das e dos peóns, os cales sempre terán prioridade en caso de conflito. No caso en que a distancia entre a e/ou o ciclista e as e os peóns non poida ser como mínimo de 1 metro, a e/ou o ciclista deberá descender do seu vehículo e circular a pé de forma que se garanta a seguridade das e dos peóns"; polo seguinte;* **"***As bicicletas poderán facer uso das áreas destinadas ao tránsito peonil alá onde a circulación de vehículos sexa moi densa e poida resultar perigosa para os ciclistas*", e "*Os ciclos e bicicletas poderán circular polas áreas peonís a velocidades inferiores a 15km/h, gardando unha distancia prudencial cos peóns e sen realizar cambios bruscos de dirección*".

**ALEGACIÓN Nº7;**
**Referente ao artigo 54:** *Espazos especiais para a circulación de bicicletas.*
No artigo 54, punto 2, seguindo a liña de anteriores alegacións e por considerar ADEGA que a circulación en bicicleta debe ser unha aposta segura, viable e preferente, xunto coa peonil, na nosa cidade, onde di **"***Os espazos de uso compartido por bicicletas e peóns,*

*ademais dos parques e prazas de uso público, serán aqueles que estean debidamente sinalizados"* substituirase por **"***Os espazos de uso compartido por bicicletas e peóns serán todos, incluídos os parques, zonas peonís e prazas de uso público, agás aqueles nos que se prohiba explicitamente mediante sinalización.* Este apartado, completaría a norma sinalada na alegación anterior referida á circulación de bicicletas por zonas peonís: *Os ciclos e bicicletas poderán circular polas áreas peonís a velocidades inferiores a 15km/h, gardando unha distancia prudencial cos peóns e sen realizar cambios bruscos de dirección*".

**ALEGACIÓN Nº8;**

**Referente ao Anexo I:** *Cadro codificado de infraccións.*

Inclúese na Ordenanza Municipal de Circulación unha sanción de 80 € co texto; "*Estacionar un vehículo de dúas rodas deixándoo encadeado ou atado a calquera elemento da vía non destinado a tal fin*" , de novo ADEGA entende que, deste xeito, vólvense a poñer máis trabas á utilización da bicicleta como medio de transporte habitual, así que pedimos que este texto se substitúa por "*Estacionar unha motocicleta ou vehículo de dúas rodas con motor deixándoo encadeado ou atado a calquera elemento da vía non destinado a tal fin, ou se as bicicletas estacionadas interrompen o normal tránsito de persoas ou vehículos ou causan algún deterioro nos elementos da vía*".

**CONSIDERACIÓNS FINAIS:**

En vista das alegacións anteriormente expostas, ADEGA solicita deste Concello, que estableza unha Ordenanza Municipal de Circulación, máis acorde cos tempos actuais, máis ecolóxica e que teña en conta a aquelas persoas que optan por unha mobilidade máis sostible na súa vida cotiá.

Ante a falta na cidade de Lugo dun sistema eficaz de carril-bici, é necesario que a ordenanza contemple e regule os usos compartidos das vías por peóns, ciclistas e tráfico rodado, e que, sobre todo non restrinxa o uso da bicicleta no ámbito urbano.

Pensamos que, se ben Lugo non dispón de vías específicas para os usuarios de bicicleta, desde o concello debérase promover cando menos a creación de carrís-bici nas vías e avenidas de Lugo nas que estruturalmente sexa posible.

Por outra banda, solicitamos que se contemple nesta ordenanza a limitación da velocidade do tráfico rodado a motor a 30 km/h naquelas zonas da cidade de maior risco para o tránsito de peóns e bicicletas.

Polo anteriormente exposto ADEGA **SOLICITA** que se teñan en conta as presentes alegacións e que por parte das administracións competentes se faga unha rectificación de aqueles puntos da Ordenanza alegados.

LUGAR E DATA En Lugo a 21 de xaneiro de 2013

SINATURA

(EXMO. CONCELLO DE LUGO. SR. JOSÉ LÓPEZ OROZCO).